



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 182/2026 de 23.03.2026 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno Concello

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 26 DE MARZO DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000004

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 23.03.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.**- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 26.03.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 26.02.2026**
- 2 AFECTACIÓN DE TERREOS A USO PÚBLICO. FINCA EN AVENIDA DE FERROL, FINCA EN OLMO E FINCA EN VIZÚS.**
- 3 ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, E A EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONSOLIDACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.**
- 4 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO "PROXECTO DE REHABILITACIÓN DE LOCAL DAS LONXAS DE RAXOI PARA ESPAZO DE COWORKING".**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- 5 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: NECESIDADE DE APERTURA DA CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME AS FINS DE SEMANA.
- 6 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: MOCIÓN DOS CONCELLOS DE GALICIA EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL
- 7 DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2027-2029)
- 8 DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2025.
- 9 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 10 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: MOCÍONS URXENTES.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCÍONS ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

